

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALCEDA DE CASELAS****Ordenanzas e Regulamentos**

APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR IMPARTICIÓN DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOCULTURAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR IMPARTICIÓN DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOCULTURAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO.

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo do pleno do Concello de Salceda de Caselas, de data 4 de maio de 2026, referido á aprobación provisional da modificación da ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR IMPARTICIÓN DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOCULTURAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO., sen que se presentase ningunha reclamación unha vez transcorrido o prazo de exposición pública, este acordo elévase a definitivo, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tal e como figura no anexo da publicación deste anuncio.

Contra a ordenanza aprobada, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 10.1.b), 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa e co artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo cal se establece que contra as disposicións administrativas de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR IMPARTICIÓN DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOCULTURAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO.

ARTIGO 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA:

No uso das facultades concedidas polo artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e artigo 127 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do R.D.L. 2/2004, establécese o prezo público por impartición



Xoves, 25 de xuño de 2026

Núm. 119

de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuveniles e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello.

ARTIGO 2º: CONCEPTO:

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público a satisfacer polos usuarios/beneficiarios que voluntariamente soliciten algún dos servizos ou actividades de índole deportivo e/ou socioculturais organizados polo Concello de Salceda de Caselas, tales como talleres, cursiños, seminarios, excursións, campamentos, viaxes, ludotecas, actividades culturais, e demais de natureza análoga, sempre que os mesmos non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios/beneficiarios, e non estean reservadas á Entidade Local.

ARTIGO 3º: OBRIGADOS AO PAGO:

Están obrigados ao pago do prezo público establecido nesta Ordenanza os usuarios/beneficiarios dos servizos ou actividades prestadas por este Concello a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 4º: CONTÍA

A contía determínase segundo as seguintes tarifas:

- Participación en obradoiros e cursos
 - Adultos (a partir de 15 anos) 2,5 €/hora
 - Nenos 1,5 €/hora
- Exposicións para venta en locais municipais 10 €/día
- Excursións infantiles de 1 día 10 €
- Actuacións no Auditorio Municipal:

Para os actos organizados polo Concello establécense as seguintes contías en taquilla:

1. Actos para público infantil:

— 1.1 Actos con un custe ata 1.000,00 €:

- Ata 7 anos: Gratis
- De 8 a 14 anos: 1,50 €
- A partir de 15 anos: 2,50 €

— 1.2 Actos con un custe de 1.001,00 a 2.000,00 €:

- Ata 7 anos: Gratis
- De 8 a 14 anos: 2,50 €
- A partir de 15 anos: 4,00 €



Xoves, 25 de xuño de 2026

Núm. 119

- 1.3 Actos con un custe de 2.001,00 a 3.000,00 €:
 - Ata 7 anos: Gratis
 - De 8 a 14 anos: 3,50 €
 - A partir de 15 anos: 5,50 €
- 1.4 Actos con un custe de 3.001,00 a 4.000,00 €:
 - Ata 7 anos: Gratis
 - De 8 a 14 anos: 4,50 €
 - A partir de 15 anos: 7,00 €
- 1.5 Actos con un custe de 4.001,00 a 5.000,00 €:
 - Ata 7 anos: Gratis
 - De 8 a 14 anos: 5,50 €
 - A partir de 15 anos: 8,50 €
- 1.6 Actos con un custe de 5.001,00 a 6.000,00 €:
 - Ata 7 anos: Gratis
 - De 8 a 14 anos: 6,50 €
 - A partir de 15 anos: 10,00 €
- 1.7 Actos con un custe superior os 6.001,00 €:
 - Ata 7 anos: Gratis
 - De 8 a 14 anos: 7,50 €
 - A partir de 15 anos: 11,50 €

2. Actos para público adulto:

- Actos con un custe ata 1.000,00 €: 3,00 €
- Actos con un custe de 1.000,01 a 2.000,00 €: 4,00 €
- Actos con un custe de 2.000,01 a 3.000,00 €: 5,00 €
- Actos con un custe de 3.000,01 a 4.000,00 €: 6,00 €
- Actos con un custe de 4.000,01 a 5.000,00 €: 7,00 €
- Actos con un custe de 5.000,01 a 6.000,00 €: 8,00 €
- Actos con un custe superior a 6.001,00 €: 10,00 €

ARTIGO 5º: EXENCIONES:

Están exentos do pagamento da taxa aqueles participantes en actividades ou espectáculos que se programen ben cunha función educativa ou complementaria da formación, como unha exhibición dos logros acadados nunha actividade formativa ou ben coma presentación, difusión e promoción dos valores culturais, xa sexan organizados polo propio Concello ou por entidades colaboradoras.



Xoves, 25 de xuño de 2026

Núm. 119

ARTIGO 5º: NORMAS DE XESTIÓN:

1.—A obriga do pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace dende que se preste o servizo ou se inicie a realización das actividades, se ben poderá esixirse o depósito

previo conforme ao disposto no artigo 46.1 do R.D.L. 2/2004.

2.—A estes efectos, o obrigado deberá facer a pertinente declaración a fin de que se lle practique a correspondente autoliquidación conforme ao disposto no artigo 45 do R.D.L. 2/2004, debendo ingresar o importe do prezo público nas entidades bancarias colaboradoras deste Concello, e sempre antes do inicio da prestación dos servizos ou actividades.

3.—Conforme ao disposto no artigo 46.2 do R.D.L. 2/2004, cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste, procederá a devolución do importe correspondente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA:

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcurra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85 do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

